

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO E MEDIOS:

CÓMO ABORDAR O TEMA NA AULA

Ed. Primaria e Secundaria



Cursos de formación de profesorado

Dous cursos independentes dirixidos a docentes de Primaria e de Secundaria organizados pola Concellaría de Servizos Sociais do Concello de A Coruña en colaboración co Centro de Formación e Recursos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Nos cursos, adaptados a cada nivel educativo, analizaranse os estereotipos de xénero presentes nos medios e a súa pegada na mirada do alumnado. Exploraranse distintos materiais como fragmentos de series e películas, anuncios publicitarios, videoxogos e exemplos de banda deseñada, todo acompañado de dinámicas prácticas e debates sobre o papel da educación formal ante a imaxe de xénero difundida polos medios.

Destinatario: profesorado de Educación Primaria e Educación Secundaria

Horas: 15 (cinco sesións de tres horas cada unha)

Datas:

- Primaria: 18, 19, 20, 25 e 26 de marzo
- Secundaria: 22, 23, 24, 29 e 30 de abril

Horario: de 17.30h a 20.30h

Prazas: 25 por curso

Lugar: Centro de Formación e Recursos da Coruña (edificio U.N.E.D.)

Inscripcións: www.edu.xunta.es/web/cfrcoruna

Máis información: cfr.coruna@edu.xunta.es e no T. 981 274 221

Impartido por // Rocío Fraga, socióloga especializada en metodoloxías participativas e xénero. Ten traballado con Cruz Vermella e Fundación Mujeres, con esta Fundación ten impartido numerosos obradoiros para escolares en materia de xénero. Rocío conta ademais cun amplo coñecemento en novas tecnoloxías.

Obxectivos

- Determinar colectivamente co profesorado como se constrúen os estereotipos de xénero entre o alumnado
- Ofrecer ao profesorado ferramentas de análise de diferentes medios que inflúen na creación de estereotipos de xénero entre o alumnado
- Ofrecer ferramentas ao profesorado para a deconstrución dos estereotipos de xénero que se reproducen nos medios aos que accede o alumnado

Metodoloxía

Exploraranse distintos materiais como recortes de prensa, fragmentos de series e películas, anuncios publicitarios, videoxogos, e exemplos de cómic que resumen os conceptos e procesos de creación de estereotipos entre o alumnado para tomar conciencia da pegada que os medios deixan no proceso de socialización desta poboación. Isto virá acompañado de debates, exercicios prácticos, lectura de artigos e dinámicas, que contribúan á formación dos e das participantes.

Durante o curso, nun proceso colaborativo entre o profesorado asistente e a formadora, deseñaranse os contidos do material educativo para traballar na aula. Ao rematar o curso as conclusións procesaranse e farase entrega dun dossier con información e a referencia dos materiais visionados (posiblemente en formato virtual a través dun blogue ou outra ferramenta online)

SESIÓN	CONTIDOS
1	Introducción e conceptos básicos. Construción de masculinidade e feminidade. Roles e estereotipos.
2	Ferramentas para a análise de series e películas (extractos de exemplos, análise, ferramentas e boas prácticas)
3	Ferramentas para a análise da publicidade (Análise de anuncios e incidencia no alumnado. Como contrarrestar os efectos.)
4	Ferramentas para a análise da carga sexista nos videoxogos (Análise dos videoxogos e plataformas máis usadas no alumnado. Recomendacións) No curso de Secundaria farase análise dos comics máis vistos e recomendación e boas prácticas na disciplina)
5	Reforzo do traballo mediante propostas feitas polo profesorado durante as sesións previas. Mostra de outras ferramentas e recomendacións para favorecer a coeducación.